

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 26/2070

### Feitos

**Primeiro.** Con data do 27.04.2026 a comisión de selección da praza 26/2070, de profesor/a asociado/a da área de coñecemento de Anatomía e Embrioloxía Humana do departamento de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas, constituíuse e fixou os criterios de avaliación, que se publicaron na sede electrónica o 28.04.2026.

**Segundo.** Con data do 14.05.2026 o servizo de persoal docente e investigador recibe comunicación de que Carmen de Labra Pinedo, representante do persoal traballador na comisión de selección antedita, non pode seguir no proceso por causas sobrevidas.

**Terceiro.** O Comité de Empresa de PDI laboral formulou unha nova proposta de representante do persoal traballador.

### Consideracións legais e técnicas

O artigo 6.7 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada en Consello de Goberno de 07.11.2024, establece que nas prazas do ámbito laboral formará parte das comisións de selección un membro proposto pola representación dos/as traballadores/as, que actuará con voz e sen voto.

O artigo 6.10 da citada normativa, establece que o nomeamento como membro dunha comisión é irrenunciable, agás cando concorra unha causa xustificada que impidise a súa actuación, como é este caso.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 126 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 94/2025 do 6 de outubro, (DOG do 27 de outubro).

De acordo co indicado, dispón a seguinte substitución, para a comisión da praza indicada:

**Representante do persoal traballador,** substitúese a Carmen de Labra Pinedo por Pablo Arias Rodríguez.

A Coruña, na data da sinatura electrónica  
Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)  
A vicerreitora de Profesorado  
María Teresa López Fernández